ORDE DO 9 DE NOVEMBRO DE 2026 POLA QUE SE APROBA O PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2026-2027 DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia prevé no seu artigo 5 que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións concreten nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Pola súa banda, o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevé no seu artigo 6 que cada consellería elaborará unha planificación estratéxica das subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela. A planificación deberá ser coherente cos documentos de planificación e obxectivos que se elaboren cada ano no marco do proceso de elaboración dos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

O dito artigo continúa sinalando que os plans estratéxicos teñen carácter programático e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade dos plans queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio. Cando, nos termos previstos na Lei de subvencións de Galicia e neste regulamento, se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

Así mesmo, o seu artigo 7 sinala que os plans elaborados polas consellerías conterán a totalidade das liñas de subvencións que teñan previsto convocar a consellería e todos os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela, e fixa normativamente o seu contido mínimo.

O establecemento desta previsión legal de elaboración de plans estratéxicos de subvencións, xa contida tamén na normativa básica estatal, concrétase

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
Edificio Administrativo San Caetano s/n
15781 Santiago de Compostela
T: 981 544 701 / 981 544 707
secretaria.cmr@xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

nunha mellora da transparencia da actividade administrativa, de especial relevancia nas actividades que supoñen a xestión de fondos públicos, así como unha mellora da eficacia, ao introducir unha conexión entre os obxectivos e efectos que se pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiamento.

Este Plan apróbase en cumprimento do previsto nos artigos 8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no artigo 5 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en coherencia cos obxectivos e prioridades do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, previo informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico.

En consecuencia, e en virtude das facultades que me confiren o artigos 5 e 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto aprobar o plan estratéxico de subvencións da Consellería do Medio Rural, que se inclúe como anexo.

Artigo 2. *Eficacia*

O plan estratéxico de subvencións ten carácter programático, e o seu contido non crea dereitos nin obrigas. A efectividade do plan queda condicionada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención e ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

Artigo 3. *Contido*

O plan estratéxico comprende as subvencións que teñan previsto convocar a consellería e os organismos e entidades dependentes ou vinculadas a ela en réxime de concorrencia, así como as de concesión directa e as que se instrumentalicen a través de convenio.

Cando se tramite unha subvención que non estea comprendida na planificación estratéxica da consellería, detallarase no expediente a relación dos obxectivos da subvención coa planificación estratéxica e os posibles efectos nesta, así como os motivos que xustifiquen a imposibilidade de prevela con anterioridade.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Artigo 4. *Actualización do plan*

Con carácter xeral, o plan actualizarase sempre que se verifiquen modificacións das planificacións estratéxicas superiores coas que debe observar a debida coherencia.

Artigo 5. *Publicación*

O plan estratéxico publicarase no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia.

Artigo 6. *Seguimento*

O seguimento do grao de cumprimento e a avaliación dos resultados do realizarase conforme aos indicadores definidos no propio Plan e en coherencia co sistema de seguimento establecido no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2026

A conselleira

María José Gómez Rodríguez

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

2026

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2026-2027

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Contido:

OBXECTIVOS E ESTRUTURA DA CONSELLERÍA 2

Descrición dos obxectivos da Consellería 2

Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos 3

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA 3

D.X. DE DEFENSA DO MONTE 3

D.X. DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL 4

D.X. DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS 5

D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL 6

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA 6

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 7

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA 7

RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIÓNS 8

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 8

Planificación estratéxica por centro directivo 9

DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIÓNS 9

Detalle de Subvencións na Planificación 9

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA 9

D.X. DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL 12

D.X. DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS 12

D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL 14

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA 14

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL 16

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA 17

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS 19

Avaliación da execución orzamentaria 19

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados 19

Correccións e melloras 19

ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIÓNS POR CENTROS XESTORES 20

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

INTRODUCIÓN

O Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2027 da **Consellería do Medio Rural**, integrado no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, constitúe unha ferramenta fundamental para impulsar o desenvolvemento económico, social e ambiental da nosa comunidade autónoma. Este documento articúlase en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que os órganos da Administración que propoñan o establecemento de subvencións deberán, con carácter previo, concretar nun plan estratéxico os obxectivos e efectos que se pretenden alcanzar, o prazo necesario para conseguilos, os custos previsibles, as fontes de financiamento e a súa adecuación aos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

En consonancia cos obxectivos definidos no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, este plan de subvencións estrutúrase como un instrumento clave para promover o benestar social, a innovación, a cohesión territorial e a transición cara a unha economía sustentable e dixital. A súa formulación baséase nos principios de transparencia, eficiencia e equidade, co propósito de maximizar o impacto positivo das axudas públicas sobre o tecido económico e social galego.

Ademais de abordar os retos identificados para Galicia no horizonte 2030, como a transformación dixital, a sustentabilidade ambiental e o apoio á igualdade de oportunidades, este plan tamén establece mecanismos claros para asegurar que as subvencións contribúan ao cumprimento dos compromisos de estabilidade orzamentaria. Deste xeito, búscase garantir un uso responsable dos recursos públicos en beneficio da cidadanía.

En definitiva, o Plan Estratéxico de Subvencións constitúe unha peza central das políticas públicas galegas, orientada a acadar un crecemento equilibrado, inclusivo e sostible, situando as persoas e o territorio no centro das actuacións e reforzando o compromiso co futuro de Galicia.

OBXECTIVOS E ESTRUTURA DA CONSELLERÍA

Descrición dos obxectivos da Consellería

A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega responsable das políticas no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias alimentarias, montes, prevención e defensa dos incendios forestais, política agraria común e control da cadea alimentaria.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Estrutura da Consellería para alcanzar os obxectivos

O exercicio destas funcións e competencias en materia de subvencións desenvólvese a través dos seguintes centros xestores e entidades adscritas determinadas polo Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, polo que se regulan as funcións das secretarías xerais técnicas das consellerías e todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da Consellería. Ademais, é a autoridade de xestión do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2022, e é, así mesmo, a autoridade rexional de xestión en Galicia do Plan estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027, o que inclúe os fondos Feaga e Feader, e correspóndelle a coordinación funcional das oficinas rurais.

D.X. DE DEFENSA DO MONTE

As principais funcións asignadas á Dirección Xeral de Defensa do Monte son:

- ✓ A coordinación de todas as administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais.
- ✓ A avaliación da distribución de competencias vixente e, de ser o caso, propoñer as modificacións que resulten precisas para o axeitado cumprimento das medidas necesarias.
- ✓ A prestación de colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos.
- ✓ O aseguramento do cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e a tramitación dos expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos.
- ✓ A planificación das medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento, impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes.
- ✓ A dirección dos equipos de vixilancia que se ocuparán de velar polo cumprimento das medidas de prevención de incendios forestais e, en especial, no que se refire ás obrigas relativas ás replantacións e ás distancias mínimas legalmente establecidas.
- ✓ O desenvolvemento do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais dentro de cada Plan de ordenación dos recursos forestais de distrito.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

- ✓ O impulso, comprobación e exixencia da elaboración dos Plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- ✓ O mantemento da orientación aos concellos de ámbito rural co fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.
- ✓ A coordinación do programa de queimas controladas nos distritos forestais fóra do período de máximo risco a fin de reducir o combustible acumulado no monte, e en colaboración coas poboacións das zonas afectadas, e previa fixación polo miúdo das normas técnicas e funcionais para a súa realización.
- ✓ A dirección e coordinación das actuación relativas á investigación dos incendios forestais, a través da unidade encargada desta materia.
- ✓ A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- ✓ A execución das sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes ditadas sobre as resolucións da súa competencia.

D.X. DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

As principais funcións asignadas á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal son:

- ✓ O impulso da xestión forestal activa e multifuncional do monte galego, cumprindo cos criterios de sustentabilidade, mediante o fomento, segundo a lexislación vixente, da redacción dos instrumentos de planificación, de ordenación e de xestión forestal e o seu seguimento e control, e a actuación coordinada coa Axencia Galega da Industria Forestal no impulso da actividade económica asociada ao sector forestal.
- ✓ O fomento da agrupación e o asociacionismo forestal e desenvolver a figura da silvicultura activa. O apoio á xestión forestal sustentable e a silvicultura, para garantir a obtención das diferentes producións forestais en cantidade e calidade, co fin de fornecer a importancia da contribución do sector forestal galego á bioeconomía e á xeración de emprego sustentable, dun xeito especial, no medio rural.
- ✓ Velar polo coñecemento do medio forestal, baseado nunha información estatística actualizada, e promover a divulgación da cultura forestal.
- ✓ Garantir que o aproveitamento dos recursos forestais cumpra coa lexislación vixente, a través de procedementos administrativos apoiados na Administración electrónica e na coordinación con outras administracións sectoriais, e facilitar deste xeito a mobilización, comercialización e transformación dos diferentes produtos forestais.
- ✓ O desenvolvemento, dentro das súas competencias, das medidas que se consideren oportunas para garantir a protección dos bosques das ameazas bióticas e abióticas, empregando métodos de loita integrada contra as pragas e enfermidades e impulsar a silvicultura como ferramenta básica preventiva para mellora do estado fitosanitario das masas forestais.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

- ✓ O establecemento de medidas activas para a contribución dos bosques e das súas producións forestais á mitigación do cambio climático e favorecer accións e medidas para mellorar a resiliencia dos bosques galegos.
- ✓ A promoción de accións cara a un marco social cooperante coa xestión forestal sustentable que implique o recoñecemento da importancia do traballo dos propietarios e xestores forestais e a súa achega á conservación dos ecosistemas forestais.
- ✓ O control e certificación de sementes, materiais forestais de reprodución e producións
- ✓ forestais. Favorecer a produción de materiais forestais de reprodución de categorías superiores e nas cantidades necesarias para obter produtos de alta calidade.
- ✓ A coordinación, tramitación e apoio do Consello Forestal de Galicia.
- ✓ A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- ✓ A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

D.X. DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

As principais funcións asignadas á Dirección Xeral de Agricultura, Gandaría e Industrias Agroalimentarias son:

- ✓ A elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da Consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, e executar, entre outras, as medidas de apoio ao sector lácteo e gandeiro de Galicia.
- ✓ A protección e control da sanidade animal e vexetal, incluíndo a dirección das actuacións de prevención e loita contra os axentes nocivos, así como a definición dos medios de defensa da produción nos cultivos vexetais agrícolas e os seus produtos, incluídos os aproveitamentos de árbores e arbustos para froito, e dos procedementos relacionados coa seguridade alimentaria das producións primarias agrícolas e gandeiras.
- ✓ A colaboración coa Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal na ordenación do pastoreo e o silvopastoreo orientado ás actividades de produción agroalimentaria e gandeira.
- ✓ A formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro.
- ✓ A elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias.
- ✓ A ordenación do sector agroindustrial e o fomento da súa actividade de transformación.
- ✓ A proposta da designación como zonas vulnerables á contaminación por nitratos de orixe agraria e dos programas de actuación derivados desa declaración, de acordo coa normativa aplicable.
- ✓ A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

- ✓ A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL

As principais funcións asignadas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural son:

- ✓ A elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural.
- ✓ A coordinación e xestión do Plan de desenvolvemento comarcal e a proposta de configuración das distintas comarcas nas cales se divide o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ A elaboración, proposta e desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, mobilidade de terras con vocación agraria e xestión de zonas regables, todo iso sen prexuízo das funcións atribuídas pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- ✓ A tramitación dos procedementos de reintegro e de perda do dereito ao cobramento de subvencións.
- ✓ A execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes recaídas sobre resolucións da súa competencia.

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

O Fondo Galego de Garantía Agraria ten por obxecto executar a política da consellería competente en materia do medio rural, no referente á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro de Galicia, sen prexuízo das competencias dos órganos da Consellería do Medio Rural, previstas no decreto polo que se establece a súa estrutura orgánica, sendo as súas finalidades básicas as seguintes:

- ✓ A execución das accións necesarias para a aplicación da política agrícola común (PAC) no eido agrícola e gandeiro, respecto das axudas e subvencións con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e o Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).
- ✓ A execución de accións necesarias para o funcionamento das distintas organizacións de mercados e a mellora das estruturas agropecuarias.
- ✓ Apoiar e promover a mellora e modernización do sector lácteo gandeiro nas diferentes áreas de actuación: produción gandeira, transformación industrial, comercialización e distribución, estrutura empresarial e sectorial de investimento e financiamento, formación, información e mellora da calidade, promoción de sistemas de xestión e cantas outras se coiden necesarias.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

- ✓ Promover a participación do sector nos labores de planificación, xestión e financiamento dos programas de mellora e desenvolvemento daquel, fomentando unha estreita colaboración e interrelación en prol dunha realización máis eficaz das súas actividades.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o despoboamento deste territorio.

- ✓ Elaborar estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural, así como promover avaliacións independentes dos resultados dos ditos plans que permitan a súa revisión.
- ✓ Difundir as políticas e medidas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- ✓ Dinamizar e coordinar os grupos de acción local vinculados coas políticas de desenvolvemento rural, con independencia das súas fontes de financiamento e da súa localización.
- ✓ Impulsa-la formulación, por parte dos axentes socioeconómicos locais das zonas rurais, de iniciativas e programas de desenvolvemento.
- ✓ Promover e incentivar a cooperación entre os axentes públicos e privados nos que as súas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- ✓ Xestionar os recursos, públicos ou privados, que se encomenden de maneira específica á dinamización das áreas rurais de Galicia, en especial os recursos que a Xunta de Galicia destine ó Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, de conformidade coas leis de orzamentos.
- ✓ As funcións de xestión, control e seguimento dos programas europeos Leader e Proder en materia de infraestrutura rural.

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

O obxecto da Axencia Galega da Calidade AlimentarIa é o seguinte:

- ✓ A promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.
- ✓ A investigación e realización do desenvolvemento tecnolóxico no sector agroalimentario.
- ✓ O desenvolvemento das actividades de I+D+I nos sectores agrario, gandeiro e forestal, dentro do marco das competencias que lle atribúen os seus estatutos.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

RESUMO DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIÓNS

Planificación no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030

A planificación estratéxica de subvencións da Consellería do Medio Rural para o período 2026-2027, de acordo co Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, distribúese nos seguintes Eixos Estratéxicos:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 – Eixe 1. O reto demográfico	1	7.741.666	20.593.186
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	6	41.362.194	33.096.375
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	48	195.153.893,78	194.572.767,93
Total	**55**	244.257.753,78	248.262.328,93

* Débese ter en conta que as cantidades reflectidas no cadro especificado na páxina seguinte (planificación estratéxica por centro directivo), no caso do FOGGA a maiores súmanse 176 € anuais que son financiados exclusivamente con fondos FEAGA e son extraorzamentarios.

E nas seguintes Prioridades de Actuación:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
E1 – Eixe 1. O reto demográfico	1	7.741.666	20.593.186
PA03- Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada	1	7.741.666	20.593.186
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	6	41.362.194	33.096.375
PA03– Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais	6	41.362.194	33.096.375
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	48	195.153.893,78	194.572.767,93
PA05 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	48	195.153.893,78	194.572.767,93
Total	**55**	244.257.753,78	248.262.328,93

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Planificación estratéxica por centro directivo

A planificación estratéxica de subvencións para o período 2026-2027, por centro xestor, está formada por **55** axudas (inclúense tamén os convenios que instrumentan axudas) cun importe estimado de **420.257.753,78 €** para o 2026 e **424.262.328,93 €** para o 2027, distribuídos do seguinte xeito:

PEG 2022-2030	Convocatorias	2026	2027
SXT	1	0	418.508
DXDM	6	41.362.194	33.096.375
DXPOF	8	25.608.000	28.543.334
DXGAIA	19	107.982.108	82.078.850
DXDR	2	8.741.666	21.593.186
FOGGA	5	213.095.681,46*	220.672.825,61*
AGADER	8	19.063.863,32	27.928.250,32
AGACAL	6	4.404.241	9.931.000
Total	**55**	**420.257.753,78**	**424.262.328,93**

*De ambas cantidades do FOGGA, 176 M€ anuais son financiados exclusivamente con fondos FEAGA e son extraorzamentarios.

DETALLE DA PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA DE SUBVENCIÓNS

Detalle de Subvencións na Planificación

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

PEG 2022-2030	2026	2027 (€)
Secretaría Xeral Técnica	0	418.508
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
OE01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no		

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

eido medioambiental		
• Subvencións para a Cooperación para a sucesión de explotacións agrarias, financiadas coa Intervención 7169 no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) (código de procedemento MR617D)	0	418.508

D.X. DE DEFENSA DO MONTE

PEG 2022-2030	2026 (€)	2027 (€)
Dirección Xeral de Defensa do Monte	41.362.194	33.146.375
E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible	41.362.194	33.146.375
PA03 – Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.	41.362.194	33.146.375
• Liña 1 Subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta mediante convocatoria.	5.400.000	3.200.000
• Convenios entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027 e se convocan para o ano 2025.	13.676.819	10.125.000
• Convenio entre a Consellería do Medio Rural, a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria do Ribeiro, a Mancomunidade de	1.914.000	0

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

municipios da comarca do Carballiño, a Mancomunidade de municipios da comarca de Verín, Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terras de Celanova, Mancomunidade Volunaria de municipios da comarca de Ourense e a Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Santa Águeda, para a consolidación do programa no que se establecen 22 brigadas de prevención e extinción de incendios por un período de 6 meses, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027.		
• Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as Deputacións provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra en materia de emerxencias e prevención e defensa cotnra os incendios forestais, para o desenvolvemento dos grupos de emerxencias municipais.	4.491.375	4.491.375
• Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos SA (Seaga) en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para a consolidación do sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.	15.280.000	15.280.000
• Convenios de colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia de Ourense para adquisición de maquinaria destinada ao mantemento e conservación das infraestruturas lineais e da contorna agroforestal para a prevención de incendios forestais.	600.000	0
Total	**41.362.194**	**33.096.375**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

D.X. DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL

PEG 2022-2030	2026	2027
DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORDENACIÓN FORESTAL	25.608.000,00	28.543.334,00
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	25.608.000,00	28.543.334,00
PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	25.608.000,00	28.543.334,00
✓ Liña 1 Fomento e apoio as Agrupacións Forestais de Xestión Conxunta	2.125.000,00	2.125.000,00
✓ Liña 2 Reforestación tras corta	8.483.000,00	7.718.334,00
✓ Liña 3 Fomento da silvicultura produtiva de coníferas e para actuacións silvícolas con obxectivos ambientais e non produtivos en frondosas e na rehabilitación de soutos de castiñeiros	15.000.000,00	5.375.000,00
✓ Liña 4 Compromisos de mantemento de forestacións		4.375.000,00
✓ Liña 5 Forestación-creación de superficies forestais		4.750.000,00
✓ Liña 6 Compromiso de mante. Servizos ecosistémicos		1.075.000,00
✓ Liña 7 Instrumentos de ordenación forestal		1.625.000,00
✓ Liña 8 Boa gobernanza		1.500.000,00
Total	**25.608.000,00**	**28.543.334,00**

D.X. DE GANDARÍA, AGRICULTURA E INDUSTRIAS AGROALIMENTARIAS

PEG 2022-2030	2026	2027
DXGAIA		100 €
E1 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	107.982.108 €	82.078.850 €
PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo		
OE01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agrogandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental	104.742.256 €	78.692.918 €

As copias en papel deste documento terán a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Establecemento de agricultores mozos	23.000.000 €	12.690.000 €
Investimentos modernización explot.agrarias (plans mellora)	30.000.000 €	21.735.000 €
OPAS (Organizacións profesionais agrarias)	700.000 €	700.000 €
Viñedo (reestructuración e reconversión)	4.000.000 €	0 €
Seguros agrarios	9.500.000 €	10.500.000 €
Asesoramento ás explotacións agrarias	0 €	1.000.000 €
Maquinaria e outros investimentos verdes (baixo consumo, precisión, redución emisións)	8.600.000 € 1.700.000 €	9.740.000 € 1.700.000 €
Promoción do sector vínicola en terceiros países	5.496.338 €	7.000.000 €
Adegas (elaboración e comercialización de produtos vitivínícolas)	18.460.000 €	6.452.607 €
Industrias agroal. (transformación e comerc. de produtos agrarios)	1.000.000 €	1.000.000 €
Control de rendemento leiteiro	1.475.918 €	1.475.824 €
Axudas a apicultura	290.000 €	290.000 €
Fomento de razas autóctonas galegas	390.000 €	390.000 €
Recría de razas autóctonas ruminantes ameazadas	150.000 €	120.000 €
Certames de gando bovino selecto		
OE02 Garantir a prevención, defensa e control da sanidade animal e da protección de cultivos	3.239.852 €	3.385.932 €
Indemnización de lucro e reposición.	125.000 €	125.000 €
Indemnización polo sacrificio obrigatorio de animais	734.852€	734.852 €
Programas sanitarios especiais (ADSG)	2.380.000 €	2.380.000 €
Indemnizacións por sanidade vexetal	0 €	40.000 €
Total	**107.982.108 €**	**82.078.850 €**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PEG 2022-2030	2026	2027
Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	**8.741.666,00 €**	**21.593.86,00 €**
E1 - Eixe 1. O reto demográfico		
PA01 - Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada		
Axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027 e 2027-2028	7.741.666,00 €	20.593.186,00 €
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento		
PA05 - Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
Convenio entre a Consellería do Medio Rural e a Comunidade de regantes "Nova Limia" para subvencionar a viabilidade fianceira das actuacións inherentes ao proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións subterráneas na Limia	1.000.000,00 €	1.000.000,00 €

FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

PEG 2022-2030	2026	2027
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)	**37.095.681,46**	**44.672.825,61**
E3 - Eixe 3. Competitividade e crecemento	**37.095.681,46**	**44.672.825,61**
Axudas ambientais e climáticas (PAC 2023–2027)	26.734.339,95	29.435.569,00
Pagamentos a zonas con limitacións naturais (PAC 2023–2027)	9.353.000,00	11.538.462,00
Programa escolar de froitas e leite	1.008.341,51	1.294.691,37
Axudas para a destilación voluntaria de crise	0	2.404.103,24
Total	**37.095.681,46**	**44.672.825,61**

O Fogga xestiona ademais as seguintes liñas de axuda extraorzamentarias financiadas con fondos FEAGA ao 100% e que se convocan mediante a Solicitude Única da PAC ao abeiro da ORDE do 13 de febreiro de 2026 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control (códigos de procedemento MR250A, MR239G, MR239K, MR239O, MR239Q, MR240D, MR241C e MR241D).

Denominación da axuda	Beneficiarios	Total (€)
Axuda básica á renda para a sustentabilidade (ABRS)	21.000	61.757.500
Axuda complementaria redistributiva	21.000	16.000.000

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Axuda para mozos/as agricultores/as	750	5.300.000
Produción sostible de proteínas vexetais	100	59.000
Gandeiros extensivos de vacún de carne	10.000	16.000.000
Engorde de tenreiros en explotación de nacemento	6.700	2.800.000
Engorde sostible de tenreiros	300	950.000
Produción sostible de leite de vaca	5.500	54.000.000
Ovino e caprino de carne extensivo/semi	250	400.000
Leite de ovella e cabra	2	6.500
Pastoreo extensivo	9.000	10.400.000
Sega sostible	1.250	650.000
Marxes ou illas de biodiversidade	3.000	2.100.000
Sementeira directa	10	17.000
Rotación de cultivos	4.700	5.000.000
Cuberta vexetal espontánea/sementada	700	500.000
Cuberta inerte de restos de poda	20	10.000
Espazos de biodiversidade	70	50.000
TOTAL AXUDAS DIRECTAS		174.942.500

Cuantificación (2026-2027) e coherencia orzamentaria

Estimación de importes anuais segundo previsións orzamentarias e execución esperada:

Categoría	**2026 (€)**	**2027 (€)**
Axudas PAC ambientais e climáticas (FEADER)	26.734.339,95	29.435.569,00
Zonas con limitacións naturais (FEADER)	9.353.000,00	11.538.462,00
Programa escolar froitas/leite (FEAGA)	1.008.341,51	1.294.631,97
Destilación voluntaria de crise	0,00	2.404.103,24

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Axudas directas FEAGA	176.000.000,00	176.000.000,00

Consideracións finais e aliñamento estratéxico

As liñas directas (FEAGA) representan unha parte substancial da política agraria e teñen un alto impacto directo na renda agraria galega.

A planificación garante coherencia co PEG, equilibrio plurianual e responde aos retos ambientais, sociais e produtivos do rural galego.

A combinación de axudas ambientais, estruturais e de crise contribúe a unha xestión eficiente e integral da política agraria.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

PEG 2022-2030	2026	2027
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	**19.063.863,32**	**27.928.250,32**
E3 –Eixo 3 Competitividade e crecemento	**19.063.863,32**	**27.928.250,32**
PA05 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo	19.063.863,32	27.928.250,32
✓ Liña 1 Axudas ao Investimento, creación e desenvolvemento de actividades non agrícolas	2.700.000	2.700.000
✓ Liña 2 Axudas para a conservación da paisaxe e a loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra	1.535.387	1.535.387
✓ Liña 3 Programa de proxectos senlleiros da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	1.414.613	1.650.000
✓ Liña 4 Proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos locais	5.000.000	5.000.000
✓ Liña 5 Axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC)	2.875.000	11.500.000

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

✓ Liña 6 Axudas para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local participativo na intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC)	5.388.863	5.388.863
✓ Liña 7 Premios ao desenvolvemento rural de Galicia	80.000	84.000
✓ Liña 8 Axudas para os gastos notariais e de inmatriculación rexistral de predios agroforestais obxecto de permutas de especial interese agrario	70.000	70.000
Total	**19.063.863,32**	**27.928.250,32**

AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA

PEG 2022-2030	**2026**	**2027**
Axencia Galega da Calidade Alimentaria	**4.404.241**	**9.931.000**
E3 –Eixo 3 Competitividade e crecemento		
PA01 – Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas		
✓ Liña 1 Axudas para a execución de proxectos dos grupos de cooperación para a innovación non relacionados coa AEI no ámbito agroforestal, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.		5.625.000
PA05 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo		
✓ Liña 1 Axudas para gastos de funcionamento dos consellos reguladores.	503.000	540.000
✓ Liña 2 Axudas para programas de calidade desenvolvidos por consellos reguladores de denominacións de calidade	360.000	360.000

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

agroalimentarias ✓ Liña 3 Axudas para o apoio á cooperación en actividades de información e promoción dos produtos agrícolas e alimenticios galegos acollidos a réximes de calidade realizadas por grupos de produtores, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027.	3.241.241	3.166.000
✓ Liña 4. Axudas á cooperación para promover a participación de agricultores en réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027	240.000	240.000
✓ Convenio de colaboración entre a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e o Consello Regulador das Indicacións Xeográficas Protexidas Ternera Gallega e Vaca Gallega – Buey Gallego para o desenvolvemento de actividades de control oficial nas explotacións e industrias cárnicas de vacún	60.000	-
Total	**4.404.241**	**9.931.000**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA EXECUCIÓN DAS SUBVENCIÓNS

O seguimento das subvencións realizarase de maneira continua e sistemática para garantir a correcta execución orzamentaria e o cumprimento dos obxectivos establecidos.

Ao finalizar o período de planificación, antes da aprobación de sucesivos plans, realizarase un **Informe de avaliación do Plan estratéxico de subvencións 2026-2027,** que recollerá a avaliación dos obxectivos e logros alcanzados ao longo do período de execución das subvencións, tanto en termos de execución financeira como nos resultados obtidos a través dos indicadores establecidos.

Avaliación da execución orzamentaria

A análise da execución orzamentaria permitirá verificar que os fondos asignados ás subvencións se utilizaron de forma eficiente e de acordo co plan aprobado.

Avaliación dos obxectivos e logros alcanzados

A avaliación dos impactos conseguidos coa execución das subvencións, realizarase co análise dos indicadores de seguimento establecidos, medindo os resultados acadados respecto dos valores previamente definidos.

Correccións e melloras

Se os resultados do seguimento mostran desviacións respecto aos obxectivos financeiros ou operativos, implementaranse medidas correctivas ou de mellora para garantir o cumprimento efectivo dos obxectivos nas anualidades seguintes.

As recomendacións derivadas do informe de avaliación serán clave para mellorar a planificación e xestión das futuras convocatorias.

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

ANEXO: FICHAS DETALLADAS DE SUBVENCIÓNS POR CENTROS XESTORES

1. SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	
PROGRAMA DE GASTO	
Programa	**711A – AXUDAS PROMOCIÓN SUCESIÓN DE EXPLOTACIÓNS**
PEG 2022-2030	
Eixe	Eixe 3. Competitividade e crecemento
Prioridade de Actuación	PA05 – Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo
Obxectivo Estratéxico	E01 - Aumentar a rendibilidade e a competitividade dos sistemas produtivos das explotacións agro gandeiras e fomentar a súa modernización e diversificación ao tempo que se reduce a pegada da agricultura e gandaría no eido medioambiental
Obxectivo Operativo	OO99 – Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico
SUBVENCIÓN	
Denominación:	Axudas promoción sucesión de explotacións
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Regulamento (UE) Nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) ORDE do 11 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas da Intervención 7169 Cooperación para a sucesión de explotacións agrarias, no marco do Plan estratéxico da política agraria común de España 2023-2027, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) (código de procedemento MR617D).
Tipo de convocatoria	Concorrencia competitiva

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

<table>
<tr><td>Beneficiarios</td><td colspan="4">Persoas físicas titulares de explotación agraria en idade de xubilación</td></tr>
<tr><td rowspan="2">Importe</td><td colspan="2">Total</td><td>2026</td><td>2027</td></tr>
<tr><td colspan="2">418.508 €</td><td>0 €</td><td>418.508 €</td></tr>
<tr><td rowspan="3">Resultados previstos</td><td colspan="2">Indicadores de seguimento</td><td>2026</td><td>2027</td></tr>
<tr><td colspan="2">O 30. Número de operaciones o unidades apoyadas para el relevo generacional</td><td>0</td><td>70</td></tr>
<tr><td colspan="2"></td><td></td><td></td></tr>
<tr><td rowspan="2">Financiamento</td><td colspan="2">Financiamento

Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes</td><td>2026</td><td>2027</td></tr>
<tr><td>PCA - Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma</td><td>2025 - 00137 – Axudas promoción sucesión de explotacións</td><td></td><td>60% FEADER

12% MAPA

28% XUNTA</td></tr>
</table>

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

2. D.X. DE DEFENSA DO MONTE

Dirección Xeral de Defensa do Monte			
PROGRAMA DE GASTO			
Programa	**551B_ ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL**		
PEG 2022-2030			
Eixe	E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible		
Prioridade de Actuación	PA03 – Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.		
Obxectivo Estratéxico	E02 – Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención.		
Obxectivo Operativo	OIO01 – Accións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)		
SUBVENCIÓN			
Denominación:	ORDE pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e agrupacións forestais de xestión conxunta, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027 e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento MR651A).		
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Regulamento (UE) Nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)		
Tipo de convocatoria	Concorrencia competitiva		
Beneficiarios	Persoas titulares de montes veciñais en man común, as súas agrupacións e mancomunidades e as agrupacións forestais de xestión conxunta.		
Importe	**Total**	**2026**	**2027**
	8.600.000	5.400.000	3.200.000
Resultados previs-	**Indicadores de seguimento**	**2026**	**2027**

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

tos	PO0299 Superficie de mellora forestal (ha)		4.784	2.836
Financiamento	**Financiamento** Orzamento autonómico, estatal, fondos europeos ou combinación de fontes		**2026**	**2027**
	PCA - Presupuestos Generales de las Comunidades Autónomas	2024-00115 Prevención de incendios forestais (modalidade 1020)	216.000	130.000
	PGE-PE_PAC_2023_2027	2024-00115 Prevención de incendios forestais (modalidade 3020)	864.000	520.000
	PGE-PE_PAC_2023_2027	2024-00115 Prevención de incendios forestais (modalidade 4280)	4.320.000	2.600.000

As copias en papel deste documento teñen a condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1IBAPRIQD9K8 https://sede.xunta.gal/cve

Dirección Xeral de Defensa do Monte				
PROGRAMA DE GASTO				
Programa	**551B_ ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL**			
PEG 2022-2030				
Eixe	E2 - Eixe 2. Galicia verde e sostible			
Prioridade de Actuación	PA03 – Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.			
Obxectivo Estratéxico	E02 – Xestión dos riscos ocasionados por incendios forestais mellorando a defensa contra os mesmos e aumentando a resiliencia a través dunha adecuada planificación e prevención.			
Obxectivo Operativo	OIO01 – Accións de soporte e apoio (gastos de funcionamento)			
SUBVENCIÓN				
Denominación:	Convenios entre a Consellería do Medio Rural e as entidades locais para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027			
Normativa:	Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Regulamento (UE) Nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader)			
